# As actas do Seminario de Estudos Galegos (1923-1926)

***Eva Pena Rodríguez***

O arquivo documental do Museo de Pontevedra custodia un libro de actas no que se recolle o ideario e a memoria das reunións realizadas durante a primeira etapa do Seminario de Estudos Galegos (1923-1926), caracterizada por non ter aínda unha sede fixa na que desenvolver as súas xuntanzas (que terían que moverse entre o salón da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela e as facultades de Letras e Dereito da Universidade) e pola gran cantidade de traballos que neses anos desenvolveron os seus membros, obrigados a preparar textos para o seu ingreso, traballos anuais e incluso algunhas comunicacións cando a ocasión o requiría.

Neste libro recóllese o ideario do seminario, encabezado por unha introdución na que se establecen as razóns que levaron a este grupo de estudantes a xuntarse un 12 de outubro de 1923 na casa do Castro de Ortoño (A Maía) para facer realidade as "arelas dos seus membros", centradas no estudo, na divulgación e na posta en valor do enorme patrimonio cultural galego, e converterse no "nó que cinguise os espallados esforzos dos que traballaban nos eidos da súa cultura."

O documento está redactado polo secretario da organización, Lois Tobío Fernández, quen, ademais, actuaría como depositario dos traballos, obxectos e bens da organización mentres non se contase cun local adecuado. Nel establécense as liñas básicas da organización: os socios, asesores, numerarios e correspondentes; a sección directora, composta por un presidente, un censor e un secretario; a creación da sección de informacións e correspondencia; os deberes dos membros; a propiedade dos traballos etc.

Publícase a continuación as imaxes do libro de actas (12 de outubro de 1923 a 1 de maio de 1926), seguidas da súa transcrición.

# As actas


Libro de Actas das Sesións do Seminario de Estudos Galegos.
Dende 12 de Outono do 1923
deica o 1 de Maio do 1926.

Razón de como se fundóu e tivo desenrolo o Seminario d'Estudos Galegos.

A doce do mes do outono do mil novecentos vintetrés, xuntos na Casa do Castro de Ortoño, na Amaía os Sñres. Don Fermin Bouza Brey, Don Wenceslao Requejo e Buet, Don José Filgueira Valverde e Don Luis Tobío Fernándes, estudantes de Leises e Don José Pena e Pena e Don Alberte Vidán Freiria, estudantes de Historias acordaron de facer xuntanza na Universidade Galega pra adicarse ao Estudo da Terra.

Pra o que o vinteun do mesmo mes xuntos na casa do Dr. Armando Cotarelo Valledor decrararon feito e constituído o Seminario d'Estudos Galegos adscrito â Universidade Compostelâ e lle deron as seguintes Constitucións de acordo cos fins d'iste Xuntoiro e co-as arelas dos seus membros, propoñendose arrecadar dos galegos axuda pra chegar a ter na nosa Pátrea un nó que cinguise os espallados esforzos dos que traballaban nos eidos da sua cultura.

# Constitucións do Seminario de Estudos Galegos.

I Baixo iste nome faise xuntanza con todol-os que traballen na cultura galega pra potencializar os seus esforzos nunha común laboura.

II Poden por isso pertecescer a il os que nados ou non na Galiza s'adiquen aos devanditos traballos

III Da eleición dos socios.

O Seminario terá tres xeitos de socios: Asesores, Numerarios e Correspondentes. Os pirmeiros teran o tidoo de Mestres e os das outras duas crases o de Irmans.

Socios asesores serán os que pol-a sua sabencia sexan propostos pol-a Seición Direitora; teran de residiren en Compostela e dirixiran co-a dita Seición todol-os traballos.

Socios de número seran os que propostos



da sua vontade por algun outro socio sexan ademitidos ~~na~~ xuntanza seguinte â da sua proposta e teñan feito o seu ingreso.

Seran socios correspondentes os que non podendo asistir âs xuntanzas do Seminario colaboren co-il e tamén os que sendo eleitos socios de número non teñan presentado o seu traballo de ingreso.

As eleiciós dos socios faránse por votación secreta.

IV Dos deberes dos socios.

Os socios do Seminario teran de presentar dempois de elexidos un traballo orixinal e inédito encol d'algun tema galego.

A comisión direitora regulará o orden de presentazón dos traballos podendo eliminar da Xuntanza aos que non cumpran coistas Constitucions.

Nun prazo de catro meses a partir do día da leitura do seu traballo de ingreso o socio terá de presentar o traballo que con caracter anual é obligatorio, amais das comunicazons que queira facer e das colaborazóns aos traballos do Seminario que lle sean demandadas.

V Das Sesions

O Seminario celebrará unha sesión semanal durante o tempo do curso académico a partir da do segundo sábado d'outono na que leerá o seu traballo anual o

— Mestre Presidente
Istas sesions seran de duas crases: privadas e púbricas; ordinarias e extraordinarias como acorde a Xunta Directora
Os traballos do Seminario seran lidos n'istas sesions.

VI. Da Seición Direitora.

A Seición Direitora estará composta d'un Presidente, un Censor e un Segredario.
O Presidente ha sere un socio asesor que representará ao Seminario e ourentará os seus traballos.
O Censor dictaminará sobor dos traballos presentados, levará o orden dos mesmos e a lista dos socios perteescentes ao Seminario. Tera de sere un socio numerario.
O Segredario levará iste libro, será o depositario dos traballos e ouxetos e bens; é o escribano da corporación, refrendando e autorizando todol-os actos e documentos oficiaes. Será un socio numerario.

VII. Das seicións.

A mais da Seición Direitora o Seminario terá tantas seicións como o xusgue comenente.
Unha d'elas será a de Informacions e Correspondencia cun Segredario ou varios encarregados d'ela.



Nos pobos onde haxa varios socios correspondentes poderan facer unha xuntanza correspondente d'iste centro coa obriga de mandar a il todol-os traballos lidos e levados a cabo tendo vida autónoma respecto a iste centro.

VIII. Do nomeamento dos cargos.

Os cargos provistaranse por acordo da Xunta Xeneral dos socios numerarios e asesores, por calquera dos xeitos usuaes que a Xuntanza coide comenente.

IX. Da propiedade dos traballos.

Todol-os traballos presentados ao Seminario que as Constituizons coidan obrigatorios seran propiedade do Seminario. Os demais traballos son da propiedade dos socios.

X. Do cese dos socios e dos cargos.

O socio que deixe de presentar os traballos obligatorios o que non cumpra istas Constituizons quedará de seu excluído d'ista Xuntanza, tendo de sere de novo proposto pra entrare n'ela.
Os socios asesores e numerarios que se ausenten de Compostela pasaran â categoría de Correspondentes.

XI. Do cese da Xuntanza.

— No caso de disolución d'ista xuntanza os bens pasaran onde os socios dispoñan, sendo preferida en caso de dúbida as Facultades de Letras e Dereito de Universidade Compostelã.

XII De reforma dos Constituizóns.

Istas constituizóns poden ser reformadas por acordo de todol-os socios de todas clases que n'il figuren.

En Santiago a 27 do outono do 1925.

Socios que asistiron â devandita Xuntanza sendo emporiso tidoados "fundadores":

Fermín Bouza Brey.
Wenceslao Requejo Buet.
Xosé Pena e Pena.
Xosé Filgueira Valverde.
Luis Tobío Fernández
Ramón Martínez López
Manuel Magariños Negreira



R. Francisco Romero Lema.
Alberte Vidán Freiría

Baixo a presidenza do Dr. D. Armando Cotarelo Valledor.

Pirmeiro Curso

Sesión primeira

O día 27 do outono do 1923. Leeu o seu traballo de ingreso D. Armando Cotarelo encol do tema "San Francisco de Cambados". Aprobaronse as devanditas Constitucions. Foron elexidos: Presidente, D. Armando Cotarelo; Censor, D. Fermín Bouza Brey; Segredario, D. Luis Tobío Fernández. Segredarios da seición de Informacions e correspondencia D. Xosé Filgueira Valverde e D. Alberte Vidán Freiría.
Foron propostos pra socios asesores D. Johan Perez Millan e D. Fr. Manoel Bandín Hermo. Acordouse que cada socio traia cinco papeletas de Bibliografía galega.

Sesión segunda.

O día 3 de santos do mesmo ano.
Leeu o seu traballo de ingreso D. Xosé Filgueira Valverde "Festas compostelãs na

Canonización de S. Pío V."
Propuxeronse pra socios correspondentes a D. Vicente Risco, D. Anton Lousada e D. A. Rodriguez Castelao e a Xuntanza d'Estudos Galegos de Pontevedra.
Foron admitidos os socios propostos na sesión anterior.

Terceira sesión

O 10 de Santos.
Leeu o seu traballo d'ingreso D. Ramón Martinez Lopez "La Emperatriz Isabel participa a Santiago la victoria de Tunez."
Foron admitidos os socios propostos na sesión anterior.
Foron propostos: pra numeraria Dª Mª del Carmen Sierra Dominguez e pra correspondente o Snr. D. Manoel Banet e Diáz-Varela.

Cuarta sesión

O 16 de Santos.
Leeu o seu traballo de ingreso "A Regueifa" D. Manoel Magariños Negreira.
Admitironse as propostas da derradeira sesión.
Foron propostos D. José Mª de la Fuente Bermúdez e D. Manuel e D. Antonio Taboada Roca.

Quinta sesión.

O 24 de Santos,
Leeu o seu traballo de ingreso D. Luis Tobío Fernández que leva por título: "Algunhas moedas castelâs atopadas no Valadouro."
Foi admitido o Sr. La Fuente e os Snrs. Taboada Roca.

Sexta sesión.

O. 1º do Nadal.
Presentóu D. Armando Cotarelo unha comunicazon tidoada: "AELIA FLACCILLA AVGVSTA."
Propuxéronse aos Snrs. D. Leandro Carré Alvarellos e D. Xulio Balboa López, e foron admitidos xa nista sesión por finar co-ela o primeiro cursillo

Sétima sesión.

O 12 do xaneiro do 1924.
Leeu o seu traballo d'ingreso. "A Socioloxía de Follas Novas" D. Xosé Mª de la Fuente Bermúdez.
O. Sr. Bouza Brey donou ao Seminario en nome do Sr. Viqueira de Vilagarcia unha pesa romá hachada en Iria Flavia.
O. Sr. Filgueira propuxo ao Seminario que iste aceptase o ofrecimento de D. Alfonso R. Castelao pra facer côs dibuxos e acuarelas d'iste señor unha exposita. Foi aprobado.

Oitava sesión.

O 19 do xaneiro do 1924.
D. Armando Cotarelo presentóu unha co-

municazón titulada "Homenaje a Alfonso XII".

## Novena sesión.

O 26 do ~~febreiro~~ xaneiro.
Leen seu traballo d'ingreso D. Manoel Banet e Diaz-Varela. "A nova orgaizazon de Galiza e a futura división rexional".

## Décima sesión.

O 2 do febreiro.
Lee o Snr. Filgueira a sua comunicazón "Nuevos documentos para la Historia del Patronato Jacobeo".

## Undécima sesión

O 9 do febreiro.
Leen o seu traballo d'ingreso D. Xosé Pena e Pena sobre "A Ponte de Vidán".
Acordouse adequirir 4000 papeletas ~~prâ~~ Bibliografía.
Communicouse terse hachado local axeitado prâ exposita-Castelao no edifizo da Sociedade Económica.

## Duodécima sesión.

O 16 do febreiro.
D. Fermín Bouza e Brey leen ~~un~~ traballo de ingreso de D. Vicente Risco encol da "Xeografía etnográfica de Castro Calvelas".



## Decimoterceira sesión.

O 23 do febreiro.
Leen D. A. Cotarelo un traballo encol da "Xuventude do P. Feijóo".
Co-ista sesión dase por finado o 2.º cursillo do 1.º Curso.

## XIV Sesión.

O 15 do marzal do 1924.
Leen D. Xosé Filgueira unha comunicazón: "Antiguos relatos de peregrinaciones a Santiago." Galicia y Santiago a traves de la obra de Bauman".

## XV Sesión

O 22 do marzal.
Leen D. Luis Tobío Fernández unha comunicazón: "Inventario dos bens de Froitoso d'Ulloa".

## XVI Sesión.

O. 5 do abril do 1924.
Leen D. Armando Cotarelo unha comunicazón "Un gallego en la Florida".

## XVII Sesión

O 12 do abril.
Leén D. Fermín Bouza Brey un traballo

-o do seu ingreso- "Do arte rural galego e de unha das suas manifestazons".

XVIII Sesión.

O 18 do abril do 1924.
Leeu D. Fermín Bouza o traballo d'ingreso de D. Florentino L. Cuevillas "A Edade do Ferro na Galiza"

XIX Sesión.

=Extraordinaria.=

O día 4 de mayo do 1924.
No Salón de Actos da Sociedade Económica de Santiago âs doce da mañan inaugurase a Exposición de dibuxos e acuarelas de Castelao, baixo a presidenza do Noso Señor o Arcebispo de Santiago D. Manoel Lago González.
Leeu primeiro o seu traballo de ingreso D. Alfonso R. Castelao. "O Novo esprito". tras unhas verbas limiares do Presidente Sr. Cotarelo nas ofrendóu ao Sr. Arcebispo a Exposición, nomeandoo Presidente de Honor.
Tomou logo a verba o Dr. Lago. E dixo moito bó e grande; escomenzóu co-aquiles versos d'Añon:

"Ai! esperta adourada Galiza
d'ise sono en qu'estás debruzada...."

E logo percorreu toda a exposición vendo con detimento as obras do Castelao.

---



XX Sesión.

-Pública-

O. 6 do mayo do 1924.
No Salón de Actos da Económica onde estaba a E. Castelao.
Leeu o seu traballo d'ingreso D. Salvador Cabeza de León. "Un episodio de la vida académica de D. Domingo Fontán."

XXI Sesión
(Pública)

O. 8 do mayo.
Na E. Castelao.
Léeu o seu traballo d'ingreso D. Manuel Lugrís Freire: "Unha conversa cu col de Pondal".

---

XXII Sesión.

(Pública)

O. 10 de mayo. Na E. Castelao
Leeu o seu traballo d'ingreso D. Anxel del Castillo. "Munio Peláez".

X.XIII Sesión.

O 12 do mayo. Na E. Castelao.
Leeu o seu traballo d'ingreso D. Anton Losada Diéguez "A Prosa galega".

# Segundo Curso.

## Sesión 1ª

O 4 do outono do 1924.
Leeu D. Armando Cotarelo unha comunicazón: "Un villancico gallego". E o Snr. Filgueira outro traballo encol da "Eirexa de S. Mamed de Moldes."
Communicouse ao Seminario pol-o Presidente D. A. Cotarelo, ter recibido una carta de D. Manoel Portela Valladares enviando 2000 pesetas (aumentadas logo en 500 mais) pra estabelescer un premio pra o mellor traballo encol do tema "Cooperativismo agrario."
Dada conta da doazón o Sr. Cotarelo anunzóu ao Seminario telas depositado as devanditas cantidad no Banco Hispano-Americano.

## Sesión II.

O 11 do outono.
Leeu o traballo anual D. Luis Tobío Fernd. encol da "Proclamaceón de Felipe II en Viveiro."
Propúxose pra correspondente a D. Joaquin Fontes e a D. Antón Vilar Ponte e como numerario a D. Xavier Pardo.

## Sesión III

O 18 do outono.



Leeu o seu traballo d'ingreso D. Xavier Pardo Bedia: "Mariña Andrade" (novela). Propúxose para numeraria â ~~Sr~~ Srta. Luisa Cuesta. Aceptarouse os anteriors.

## Sesión 4ª

O 25 do outono.
Leeu D. Xosé Filgueira o seu traballo "El teatro en Santiago a principios del s. XIX." ~~E o~~ O Sr. Bouza leeu o traballo do Snr. Cuevillas: "As Mamoas do Concello de Lobeira."
Propuxérouse aos Snrs. Candeira, Rolán, Cordal e Snr. Villanueva. Aceptouse â Srta. Luisa Cuesta.

## Sesión 5ª

Sabado 8 do novembro
Traballo do Snr. Tobío encol "Do colexio-Seminario de Viveiro."
Acordóuse contribuir ao homeaxe a Guimerá.

## Sesión 6ª

O 15 do novembro.
Leeu D. A. Cotarelo un traballo tidoado "Un romance gallego."
Leeuse unha carta do Snr. D. Xoaquin Arias Sanxurxo ofrecendo ao Seminario o seu museu; aceptóuse a expontánea doazón do Snr. Sanxurxo pol- ~~o que~~ quese lle da gracias.

## Sesión 7ª

O. 22 do novembro.
Leeu o seu traballo anual D. Fermin Bou-

za Brey: "A necesidade d'unha revisión das obras de Pondal."

O Sr. Presidente deu conta de que se tiñan rescibido os oupetos do museu doado pol-o Sr. Arias Sanxurxo e que os tiña en depósito na sua casa mentras o Seminario non tivese un local pra os expôr. E a iste fin propúxose e acordóuse conferenciar cô Snr. Rector da Universidade.

Sesión 8ª

O 29 do novembro.

O Sr. Filgueira leeu seu traballo encol do asunto "Fontes e derivacions da Leenda do paxaro d'Armenteira."

Sesión 9ª

O 6 do decembro do 1924.

Leeu o Snr. Tobio o traballo do Snr. del Castillo "A eirexa de Cambre" premeado na "Festa da Lingoa galega."

O Snr. Presidente deu conta da doazón feita pol-a Liga d'Amigos dista cidad, dos traballos premeados na "Festa da Lingoa Galega."

Fixón o 1º cursillo.

Sesión X.

O 10 do xaneiro do 1925

Leeuse o traballo de D. Ramón Otero Pedrayo: "Síntesis xeografica de Galiza."



Sesión XI.

O 17 do xaneiro do 1925.

Leeu o Sr. D. Julio Balboa Lopez o seu traballo d'ingreso "Muxía e o Santuario de Nosa Sra. da Barca."

Sesión XII.

O 24 do xaneiro.

Leeuse o traballo de D. Vicente Risco (premeado na "Festa da Lingoa Galega." "O Bufón d-el Rei." (drama).

Sesión XIII

O 7 do febreiro.

"Ensaio de catalogación dos castros galegos." Traballo de D. Florentino L. Cuevillas.

Sesión XIV.

O 14 do febreiro.

O Sr. Filgueira leeu o seu traballo "Psicoloxía do neno galego."

Sesión XV 21 do febreiro

Necrolóxica. O Sr. Cotarelo pronunzóu un sentido discurso chorando a morte do Dr. Lago.

Sesión XVI.

O 28 do febreiro.

Leeuse o traballo de D. Vicente Risco "Preito de os veciños de Caldelas cô Conde de Lemos."

Sesión XVII.

O 2 do marzal.
Leeuse o traballo "O Castro de Figueiras" pol-a Secciön Arqueolóxica do Seminario

Sesión XVIII

O 13 do marzal.
Leeuse a noveliña de D. Ramón Otero Pedrayo: "Pantelas, home libre." premeada na festa da Lingoa Galega.

Sesión XIX.

O 18 de abril
Poema de D. Xosé Filgueira. "O rei Branel".
Foi proposto don Juan Rof Carballo.

Sesión XX

O 25 d'Abril.
Escultura de D. Xoaquin Xil Armada: "Os probes da Catedral."
Foi admitido don Juan Rof Carballo.

Sesión XXI

O 30 d'abril.
Traballo do Snr. Filgueira "A festa dos Maios en Galiza". Con ilustracións musicals.



Sesión XXII

O 8 do maio.
Leeu o seu traballo d'ingreso D. Juan Rof Carballo: "Biloxía e esprito."

Sesión XXIII
(Pública e Extraordinaria).
O 16 de mayo do 1925.
No local da S. Económica.
Leeu o seu traballo "Cousas" (colleita de contos) D. A. R. Castelao.
Con ilustracións gráficas.
Finou o curso 1924-25.

Esta é a reseña de todal-as sesións e actos do Seminario d'Estudos Galegos dende o seu nacimento deica o día da data, feita pol-o segredario D. Luis Tobío e Fernándes.
——— Ena cidade de Sant—

Iago a dous días do mes de outono do ano do mil novecentos vintecinco

Luis Tobío Fernández
Segredario

## Curso de 1925 a 1926

Xuntos n'unha aula da Facultade de Dereito da Universidade de Dereito os membros hachados d'aquela en Sant-Iago o dia tresdo outono do 1925, procedéuse primeiro â desiñazón dos cargos de Presidente e Censor, por vacancia producida pol-a ousencia dos que deica alí os desempeñano, resultando por unanimidades eleitos D. Salvador Cabeza de León pra presidente e D. Xosé Filgueira Valverde pra censor.

Outrosí, por canto o Sr. Filgueira viña desempeñando o cargo de Segredario de informacions e correspondenza, acordóuse por unanimidade tamen desiñar pra iste cárrego ao Sr. D. Ramón Martínes Lópes.

E non tendo mais asuntos que tratar erguéuse a sesión da que eu segredario



dou fé.

Sant-Iago 3 do outono do 1925

Xosé Filgueira    Luis Tobío Fernández

## I. Sesión.

Na cátedra n.º 2 da Facultade de Dereito reunironse os socios presentes do Seminario pra celebrar a primeira sesión académica do presente curso.

Procedéuse en primeiro termo a dar posesión dos seus cargos de Presidente, Censor e Segredario de informacions aos Sres. D. Salvador Cabeza León, D. Xosé Filgueira Valverde e D. Ramón Martínes Lopes, respeitivamente, por min Segredario.

O Sr. Presidente pronunzóu unhas verbas excitando aos membros do Seminario a seguir con novos azos a sua labor investigadora, calada e homilde, anque non por iso menos meritoria, pra gloria e progreso da Cencia e da Cultura e mais que nada da Sagra Terra a quen todo debemos.

A continuazon o Sr. Censor mentóu con agarimo e recordanza aos Srs. D. Armando Cotarelo e D. Fermín Bouza Brey, deica estoncias presidente e censor respeitivamente, e a quenes a ousencia empece pra seguiren como denantes ourentando a nosa labor

inda que continúen cinguidos ao Seminario pol-a común ideoloxía e o amo â Terra, móvil primeiro do noso centro.

Adica logo frases garimosas â figura do noso primeiro Presidente d'Honor o Arcebispo Compostelan Dr. Lago González, de felís lembranza e saúda con cariño ao Dr. D. Salvador Cabeza León, que dende agora, como prezidente, vai dirixirnos nos nosos traballos e cuia xurdia ~~a sua~~ persoalidade e outo valer é unha garantía da boa marcha e ourentazon do Seminario.

Logo eu Segredario lín a memoria do curso derradeiro procendéndose a seguida â leitura do traballo da sesión D. Salvador Cabeza, a quen correspondía presental-o, leeu a sua monografía "Festejos de la Universidad Compostelana por el nacimiento del Rey D. Luis I".

Pra dar comprimento â vontade do Sr. D. Manuel Portela Valladares, e por ter sido decrarado deserto o tema encol do "Cooperativismo agrario" convocado o ano pasado, acordóuse proceder â convocazón d'outro concurso encol do tema que se tratará na próxima sesión.

E non tendo mais asuntos de que tratar acórdase erguel-a sesión da que eu Segredario dou fé

Sant-Iago 9 do outono do 1925

Salvador Cabeza

Xosé Filgueira — Luis Tobío Fernández



## II Sesión.

Xuntos na cátedra 2 da Facultade de Dereito os membros do Seminario presentes, no día 23 do outono do 1925, procedéuse â celebrazón da sesión hebdomadeira, segundo o preceitúa o Reglamento.

O Presidente Sr. Cabeza León despois de facer algunhas indicacions críticas e bibliográficas, concedéu a verba ao Señor Sr. Filgueira Valverde, quen leeu o seu traballo anual encol de "A Paisaxe no Cancioneiro da Vaticana".

O Seminario, a proposta de varios membros, acordóu intensificar a obra da "Bibliografía galega" e que unha comisión de socios procedera aos traballos precisos pra formar un Vocabulario castelan-galego. Con este encárrego foron desiñados os señores Filgueira, Tobío, Carús e Magariños, xa que o Sr. Martínez Lopez non pode ~~de~~ colaborar pr imposibilidade material.

Acordóuse eisimesmo que ~~unha~~ os Sres. Filgueira e Tobío estudasen si compría facer unha restituizón crítica do Cancioneiro Colocci-Brancutti, informando d'elo ao Seminario, para, en caso afirmativo, desiñar unha comisión que a fixese.

E non tendo mais que tratar érguese a sesión que eu segredario testestemuño.

Sant-Iago 23 do outono do 1925

Salvador Cabeza

Xosé Filgueira — Luis Tobío Fernández

## III Sesión

Xuntos na Biblioteca de Facultade de Dereito da Universidade de Compostela o día 29 do outono do 1925.

Comezóu o Sr. Presidente Dr. Cabeza León adicando unhas verbas de lembranza ao insiñe devanceiro D. Florencio Vaamonde, morto na semán.

Fixérouse varias indicaciós críticas y bibliográficas encol das pubricacións derradeiras e o Dr. Cabesa donóu aos membros presentes alguns exemprás das suas obras.

O Socio D. Ramón Martínez López deu leitura ao seu traballo tidoado "La industria de la salazón en Galicia."

Foron propostos pra membros numerarios D. Salustiano Portela Pazos, e pra correspondente o P. Fr. Atanasio López.

Deuse conta de terense recibido na segredaría as revistas "Nos" e "A Nosa Terra" e "Lar".

E non tendo mais asuntos que tratar ergeuse a sesión.

Santiago 29 do outono do 1925

Salvador Cabeza

Luis Tobío Fernández

Xosé Filgueira Valverde



## IV Sesión.

Xuntos na aula nº. 2 da Facultade de Dereito da Universidade Compostelán os socios presentes do Seminario, o 7 de Santos do 1925.

Deuse leitura a un drama orixinal de D. Leandro Carré Alvarellos, (cô que fai seu traballo d'ingreso) tidoado "O Engano".

Logo a comisión do Vocabulario castelán-galego deu conta da marcha dos traballos referentes a iste e propuxo ~~ud~~ pra ~~ilun~~ pran ideolóxico.

Fixérou~~se~~ as indicazóns bibliográficas da semán. Acordóuse dar ao prelo a "Síntesis xeográfica de Galiza" de D. Ramón Otero Pedrayo, côn diñeiro do premio deserto "Portela Valladares" e escribir ao Sr. Portela Valladares solicitando a inversión do resto do devandito premio.

Foron propostos pra numerarios D. Enrique Ramos Fernández, D. José Mª Castroviejo y Blanco-Cicerón, D. Secundino Lugris Freire, D. Urbano Lousada e D. Celestino Noya.

Santiago 7 de Santos do 1925

Luis Tobío Fernández

Xosé Filgueira

## V Sesión.
### Pública.

Axuntados na aula nº 4 da Facultade de Direito da Universidade galega o día 14 de Santos do 1925 procedéuse â celebrazón da sesión semanal.

O Presidente, D. Salvador Cabeza León pronunzóu unha conferencia encol do tema "Os galegos no teatro español", que foi escoitada con entusiasmo pol-o numeroso público que enchía a aula.

Constituído o Seminario en sesión secreta déuse conta das referencias bibliográficas da semán, e tomáronse acordos sobor da orgaización da bibliografía.

Tamén acordóuse invitar aos Dres. Cadarso e Iglesias pra formaren ~~dentro~~ incorporados ao Seminario, seicións adicadas ao estudo da Antropometría e Geología galegas, respeitivamente, respondendo a unha indicazón do membro correspondente d'Ourense Sr. Cuevillas.

O socio Sr. Pardo propuxo que por canto o coro galego d'ista cidade "Cántigas e Agarimos" ten proyeitado facer un homeaxe ao gran galeguista Dr. Lois Porteiro, ofrescía ~~...~~ ao Sr. Cabeza como presidente do Seminario un posto no Comité a formar co-ise ouxeto.

Déuse conta pol-segredario de ter saído ao púbrico o primeiro volume da Biblioteca do Seminario que contén unha fermosa colleita de contos tidoada "Os Nenos,



do noso censor Sr. Filgueira Valverde. Tamén indicóu a adicación garimosa do Sr. D. Augusto Mª Casas do seu libro de sonetos "Alma Triste" e por elo o Seminario dálle as gracias mais efusivas.

Noticióu tamén ~~terse~~ se recibido outros libros e revistas doados ao Seminario.

Tratóuse eisimesmo que o Seminario endreitase unha campaña pra conquerir que o Archivio xèral de Galiza viñese a Sant-Iago, propóndose o Salón artesoado de Fonseca como local axeitado pra o caso.

Foron propostos pra membros numerarios os Sres. Portela Pazos, ~~e~~ Rovirá Carreró e Feixóo.

Aprobáronse as propostas feitas na derradeira sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar ergueuse a sesión

Sant-Iago 14 de Santos do 1925

Salvador Cabeza

Luis Tobío Fernández

Xosé Filgueira

## VI Sesión

Tivo lugar ista xuntanza n'unha aula da Facultade de Dereito o día 21 de Santos do 1925.

O Segredario procedéu â leitura do traballo do correspondente e ex-censor, D. Fermín Bouza Brey, tidoado "Notas de prehistoria galega".

Fixéronse as comunicazóns bibliográficas de decote.

O Presidente adicóu unhas verbas â lembranza de Dª Carolina Michäelis de Vasconcellos que tanto traballóu nos estudios da Literatura galaico-portuguesa; propón, e eisí o acorda por unanimidade o Seminario, celebrar unha solene sesión necrolóxica no seu honor.

Comunicóuse tere aceitado a proposta da formazón d'unha seición de Historia Natural galega o Dr. Iglesias.

Foron nomeados socios de honor os Sres. Phileas Lebesque e Frankowski.

Propuxéronse pra numerarios aos Sres. D. Pedro Varela ~~Raíz~~ e Xosé ~~J.~~ Poch e Espinosa.

Non tendo mais asuntos que tratar, erguéuse a Sesión

Sant. Yago 21 de Santos do 1925

Salvador Cabeza

Luis Tobío Fernández

José Filgueira Valverde



## VII Sesión.

Celebróuse na aula nº 3 da Facultade de Dereito, o día 28 de Santos do 1925.

Aberta a sesión, o presidente Sr. Cabeza fixo diversas comunicazóns bibliográficas, eisí como outros señores presentaron as papeletas bibliográficas que s'adoita.

O socio numerario D. Xavier Pardo dóu leitura ao seu traballo "As lêndas de morte na Baixa Bretaña", tradución das de A. le Braz, cun prólogo e biografía do autor.

Foi proposto pra membro numerario D. Evaristo Correa Calderón.

Aceitáronse as propostas feitas na derradeira sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar erguéuse a sesión

Sant. Yago 28 de Santos 1925

Salvador Cabeza

Luis Tobío Fernández

José Filgueira Valverde

XVIII Sesión.

O día 5 do Nadal celebróuse ista sesión, derradeira do primeiro cursillo do presente curso.
Feitas as indicacións bibliográficas correspondentes, o Sr. Filgueira dou leitura ao seu traballo "A lenda d'Armenteira: concordanzas con outras extranxeiras."
Logo, e pol-o segredario, léeuse unha aportazón de D. Florentino L. Cuevillas ao Catálogo dos Castros que ven facendo o Seminario, comprendendo os Castros de Outeiro de Pazos, Outeiro de Vimieiros, A Rodeliña, Castro de Bainte, Monte do Piñeiro, Castro da Madanela, Castro de Martiñá, e Castro de S. Facundo.
Foron propostos pra numerarios os Sres. D. Juan Luis Lopez e D. Felipe Fernández Armesto.
Aceitarouse as propostas feitas na derradeira sesión.
O Sr. Filgueira dou conta da proposta do Sr. Varela de Limia pra que o Seminario solicitase traguer a Sant-Yago a exposizón de fotografías de Galiza que vaise celebrar en Madrid por iniciativa do Centro Galego. Aceitouse.
Deuse conta pol-a direitiva o ter aceitado o cárrego de direitor da seizón de Antropoloxía galega adscrita ao Seminario o Dr. D. Alejandro Rodriguez Cadarso.
E asimesmo noticióu que tiña xestionado por iniciativa do Sr. Presidente a formazón



d'unha seizón de Geoquímica galega baixo a direizón do Dr. D. Isidro Parga Pondal.
E non tendo mais asuntos que tratar erguéuse a sesión
Sant-Yago 5 do nadal do 1925

Salvador Cabeza
Luis Tobío Fernández
Xosé Filgueira Valverde

XIX Sesión.

Con esta sesión encetóuse o segundo cursillo. Foi celebrada o 16 do xaneiro do 1926.
N'ela foron propostos pra socios correspondentes os Srs. D. Manoel Portela Valladares e D. Antón Noriega Varela, e aceptados os propostos na sesión derradeira.
O Segredario de Aitas D. Luis Tobío Fernández dou leitura o seu traballo "A eirexa romànica de Sta. María de Viveiro".
E erguese a sesión
Sant-Iago 16 do xaneiro do 1926

Luis Tobío Fernández
Xosé Filgueira

## XX Sesión

O día 22 do xaneiro do 1926 e nun aula da Facultade de Dereito celebrouse ista sesión.

Aceitárouse as propostas feitas na derradeira sesión.

O Dr. Iglesias, diritor da Seizón de Ciencias Naturals, léu o seu traballo de ingreso encol das "Aves da Galiza" presentando ao mesmo tempo moitas e fermosas exemprars disecados pra ilustral-o.

E douse por rematada a sesión

Sant-Iago 22-xaneiro-1926

Xosé Filgueira    Luis Tobío Fernández

## XXI Sesión.

O día 30 do xaneiro do 1926 celebrouse a sesión ordinaria do Seminario nun aula de Dereito.

O Presidente propuxo pra socios a D. Xosé Luis Santaló e Rodríguez de Viguri e a D. Salustiano Portela Pazos e D. [illegible] casas.

O Segredario dóu leitura ao traballo de D. Armando Cotarelo, tidoado "Un Arcebispo de Sant-Iago descoñecido."



O Censor Sr. Filgueira, leeu o traballo de D. Vicente Risco "Catálogo da Lingoa Galega."

E douse por finada a sesión.

Sant. Iago 30 xaneiro 1926

Xosé Filgueira    Luis Tobío Fernández

## XXII Sesión

No día 6 do febreiro tivo lugar a sesión ordinaria na aula nº. 4 da Facultade de Dereito.

D. Luis Feixóo léu o seu traballo de ingreso encol dos "Contos galegos"

D. Ramón Martínes Lopes presentóu unha nota bibliográfica dun folleto referente a Sta. Mariña de Augas Santas.

Aceitárouse as propostas da sesión devanceira.

O Segredario de informaciós e correspondenza D. Ramón Martínes Lopes presentóu, con caraiter irrevocábel, a renunza do seu cárrego. Foille admitida.

Non tendo mais asuntos erguese a sesión.

Sant. Iago 6-febreiro 1926.

Xosé Filgueira    Luis Tobío Fernández

XXIII Sesión

Celebrouse o 20 do febreiro do 1926.
Léeu o seu traballo de ingreso D. X. Luis Santaló Rodrigues de Viguri sobre "D. José Rodriguez Seoane: su vida y sus obras."
D. X. M. Magariños Negreira propuso pra socio correspondente a D. Antonio Magariños Gandra, e D. Xosé Filgueira a D. Robustiano Sandes Otero e a D. Gonzalo Lopez Abente.
E ergueuse a sesión
Sant-Iago 20 febreiro 1926

Xosé Filgueira Valverde    Luis Tobío Fernández

XXIV Sesión.

O 27 de febreiro de 1926.
O Sr D. Augusto M^a. Casas léeu o poema "Festa no ceo e na terra" cô que fai o seu ingreso.
D. Xosé Filgueira léeu unha novela titoada "O Vigairo".
Aprobáronse as propostas feitas na derradeira sesión.



Santiago 27 do febreiro do 1926.

Xosé Filgueira    Luis Tobío Fernández

XXV Sesión.

O día 6 do marzal do 1926.
Fixo o seu ingreso como socio de número D. Urbano Lousada cô traballo "Superstición, suxestión e Meiciña".
D. Xulián Magariños Negreira propuxo pra socio a D. Manoel Silva Ferreiro.
~~Por non ter mais~~ Acordouse que o próisimo día de sesión fose a solemne en honor de D^a. Carolina Michaelis de Vasconcellos.
E ergueuse a sesión.

Sant-Iago 6 marzal do 1926.

Luis Tobío Fernández

XXVI Sesión

O día 14 do marzal (ás doce da mañán) e no Salón Nobre da Sociedade Económica de Sant-Iago celebrouse a solene velada necrolóxica en laudo de Dª Carolina Michaelis de Vasconcellos.

Aberta a sesión pol-o Sr. Presidente e tomada verba por D. Armando Cotarelo pronunciou iste un discurso facendo resaltar a figura da laudada e a suma sinificanza que tiña pra Galiza e pra o Seminario.

~~A~~ seguido falóu D. Ramón Otero Pedrayo ensalzando tamén a personalidade literaria de Dª Carolina e logo D. Vicente Risco fixo notar o grande mérito e valer da mesma.

D. Manoel Lugrís Freire estuda ~~a sua~~ a sua grande obra e o afeito que ~~decote~~ tivo â nosa terra.

O Presidente fixo, pra rematar, o resume da sesión.

E ista douse por finada.

Sant-Iago 14 do marzal do 1926.

Lida

Luis Tobío Fernández



XXVII Sesión

O día 14 do marzal âs 6 e meia da serán. Nela ingresaron os poetas D. Gonzalo López Abente que léu varios poemas, D. Ramón Cabanillas (cuias poesías, por ausencia léu o Sr. Lugrís), D. Antón Noriega Varela (cuias poesías leeu o Sr. Pardo) e D. Victoriano Taibo con diversos poemas.

E douse por finada a sesión

Sant-Iago 14 do marzal do 1926.

Luis Tobío Fernández

XVIII Sesión

O 11 do abril no Salón ~~Nobre~~ de Xuntas da S. Económica.

D. Manoel Lugrís Freire léu un traballo encol da Lingoa Galega e varias poesías orixinals.

E erguéuse a sesión.

Sant-Iago 11 do abril de 1926.

Luis Tobío Fernández

XIX Sesión

O 17 do abril no Salón social.
Léeuse un traballo do Segredario Sr. Tobío Fernández: "Viveiro no séc XVI." e outro do Sr. Filgueira Valverde: "Os soños de Alain". Propúxose pra numerario ô Sr. Lence Santar.
Non tendo mais asuntos de que tratar ergáeuse a sesión.

Sant-Yago 17 do abril do 1926.

Luis Tobío Fernández

XX Sesión

Celebrouse o 24 do abril no Salón social de Xuntas da S. Económica.
~~Leeuse~~ pol-o Sr. Lence Santar o seu traballo de ingreso: "La Santa Hermandad."
Propúxose a D. Xoquín Lorenzo
Por non ter mais de que tratar ergueuse a sesión.

Sant-Yago 24 do abril do 1926.

Luis Tobío Fernández



XXI Sesión

Celebrouse o 30 do abril no Salón de Xuntas da Sociedade Económica.
D. Salustiano Portela Pazos leeu (despois da leitura d'unha carta do Sr. Lence Santar referente ao tema de que se ía tratar) o seu traballo de ingreso: "Las Hermandades gallegas en el siglo XV."
E deuse por finada a sesión

Sant-Yago 30 do abril do 1926.

Luis Tobío Fernández

XXII Sesión

No salón social o 1º do maio.
O Sr. Tobío leeu o traballo de ingreso que presenta D. Xoquín Lorenzo, encol do: "Carro Galego."
A seguido léeuse o do Sr. Magariños Granda: "Acougos (poesías)".
E ergéuse a sesión

Sant Yago 1 do ~~abril~~ maio do 1926.

Luis Tobío Fernández

227-3

# A transcrición

***Portada***

Libro de Actas das Sesións do Seminario de Estudos Galegos.

Dende 12 de outono de 1923

deica o 1 de maio do 1926

***P.3***

Razón de como se fundou e tivo desenrolo o Seminario d'Estudos Galegos.

A doce do mes de outono do mil novecentos vintetrés, xuntos na Casa do Castro de Ortoño, na Amaía os Sñres. Don Fermín Bouza Brey, Don Wenceslao Requejo Buet, Don José Filgueira Valverde e Don Luis Tobío Fernándes, estudantes de Leises e Don José Pena e Pena e Don Alberte Vidán Freiría, estudantes de Historias acordaron de facer xuntanza na Universidade Galega para adicarse ao Estudo da Terra.

Para o que o vinteun do mesmo mes xuntos na casa do Dr. Armando Cotarelo Valledor decrararon feito e constituido o Seminario d'Estudos Galegos adscrito â Universidade Compostelâ e lle deron as seguintes Constitucions de acordó côs fins d'iste Xuntoiro e co-as arelas dos seus membros, propoñendose arrecadar dos seus galegos axuda para chegar a ter na nosa Pátrea un no que cinguise os espallados esforzos dos que traballaban nos Eidos da sua cultura.

***P.4***

Constitucións do Seminario de Estudos Galegos.

I Baixo iste nome faise xuntanza con todol-os que traballen na cultura galega para potencializar os seus esforzos nunha común laboura.

II Poden por isso perteescer a il os que, nados ou non na Galiza s'adiquen aos devanditos traballos.

III Da eleición dos socios.

O Seminario terá tres xeitos de socios: Asesores, Numerarios e Correspondentes. Os primeiros teran o tidoo de Mestres e os das otras duas crases o de Irmans.

Socios asesores serán os que pol-a súa sabencia sexan propostos pol-a Seición Direitora; teran de residiren en Compostela e dirixiran co-a dita Seición todol-os traballos.

Socios de número serán os que propostos

***P.5***

da sua vontade por algún outro socio sexan ademitidos na xuntanza seguinte â da sua proposta e teñan feiro o seu ingreso.

Seran socios correspondentes os que non podendo asistir as xuntanzas do Seminario colaboren co-il e tamén os que sendo eleitos socios de número non teñan presentado o seu traballo de ingreso.

As eleiciós dos socios faránse por votación secreta.

IV <u>Dos deberes dos socios.</u>

Os socios do Seminario teran de presentar dempois de elexidos un traballo orixinal e inédito encol d’algun tema galego.

A comisión direitora regulará o orden de presentazón dos traballos podendo eliminar da Xuntanza aos que non cumpran co-istas Constitucions.

Nun prazo de catro meses a partir do día da leitura do seu traballo de ingreso o socio terá de presentar o traballo que con carácter anual é obligatorio, amais das comunicazons que queira facer e das colaborazons aos traballos do Seminario que lle sean demandadas.

V <u>Das Sesións</u>

O Seminario celebrará unha sesión semanal durante o tempo do curso académico a partir da do segundo sábado d’outono na que leerá o seu traballo anual o

***P.6***

Mestre Presidente.

Istas sesión serán de duas crases: privadas e púbricas; ordinarias e extraordinarias como acorde a Xunta Directora.

Os traballos do Seminario serán lidos n’istas sesions.

VI <u>Da Seición Direitora</u>

A Seición Direitora estará composta dun Presidente, un Censor e un Segredario.

O Presidente ha sere un socio asesor que representará ao Seminario e ourentará os seus traballos.

O censor dictaminará sobor dos traballos presentados, levará o orden dos mesmos e a lista dos socios perteescentes ao Seminario. Tera de sere un socio numerario.

O Segredario levará iste libro, será o depositario dos traballos e ouxetos e bens; e o escribano da corporación, refrendando e autorizando todol-os actos e documentos oficiaes. Será un socio numerario.

VII Das Seicións.

A mais da Seición Direitora o Seminario terá tantas seicións como o xusgue comenente.

Unha d'elas seá a de Informacions e Correspondencia cun Segredario ou varios encarregados d'ela.

***P.7***

Nos pobos onde haxa varios socios correspondentes poderan facer unha xuntanza correspondente d'iste centro coa obriga de mandar a ir todol-os traballos lidos e levados a cabo tendo vida autónoma respecto a iste centro.

VIII Do nomeamento dos cargos.

Os cargos provistaranse por acordó da Xunta xeneral dos socios numerarios e asesores, por calquera dos xeitos usuaes que a Xuntanza coide comenente.

IX Da propiedade dos traballos.

Todol-os traballos presentados ao Seminario que as Constituizons coidan obrigatorios serán propiedade do Seminario. Os demais traballos son da propiedade dos socios.

X Do cese dos Socios e dos cargos.

O socio que deixe de presentar os traballos obligatorios o que non cumpra istas Constituizons quedará de seu excluido d'ista xuntanza, tendo de seren de novo proposto para entrare n'ela.

Os socios asesores e numerarios que se ausenten de Compostela pasaran â categoría de Correspondentes.

XI Do cese da Xuntanza.

***P.8***

No caso de disolución d'ista xuntanza os bens pasaran onde os socios dispoñan, sendo preferida en caso de dúbida as Facultades de Letras e Dereito de Universidade Compostelâ.

XII Da reforma das Constituizóns

Istas constituizóns poden ser reformadas por acordó de todol-os socios de todas clases que n'il figuren.

En Santiago a 27 de outono do 1925.

Socios que asistiron â devandita Xuntanza sendo emporiso tidoados "fundadores":

Fermín Bouza Brey.

Wenceslao Requejo Buet.

Xosé Pena e Pena.

Xosé Filgueira Valverde.

Luis Tobío Fernández

Ramón Martínez López

Manuel Magariños Negreira

***P.9***

R. Francisco Romero Lema.

Alberte Vidán Freiría

Baixo a presidenza do Dr. D. Armando Cotarelo Valledor.

Primeiro Curso

Sesión primeira

O día 27 do outono do 1923. Leeu o seu traballo de ingreso D. Armando Cotarelo encol do lema "San Francisco de Cambados". Aprobaronse as devanditas Constitucions. Foron elexidos: Presidente, D. Armando Cotarelo; Cendor, D. Fermin Bouza Brey; Segredario, D. Luis Tobío Fernándes. Segredarios da seición de Informacions e correspondencia D. Xosé Filgueira Valverde e D.Alberte Vidán Freiría.

Foron propostos pra socios asesores D. Johan Perez Millan e D. Fr. Manoel Bandín Hermo. Acordouse que cada socio traía cinco papeletas de Bibliografía galega

Sesión segunda

O día 3 de Santos do mesmo ano.

Leeu o seu traballo de ingreso D. Xosé Filgueira Valverde "Festas compostelás" na

***P.10***

Canonización de S. Pío V"

Propuxéronse para socios correspondentes a D. Vicente Risco, D. Antón Lousada e D. A. Rodríguez Castelao e a Xuntanza d'Estudos Galegos de Pontevedra.

Foron admitidos os socios propostos na sesión anterior.

Terceira sesión

O 10 de Santos.

Leeu o seu traballo d'ingreso D. Ramón Cabanillas Martínez López "La Emperatriz Isabel participa a Santiago la victoria de Túnez".

Foron ademitidos os socios propostos na sesión anterior.

Foron propostos : para numeraria Dª Mª del Carmen Sierra Domínguez e para correspondente o Sñr. D. Manoel Banet e Díaz-Varela.

Cuarta sesión

O 16 de Santos.

Leeu o seu traballo de ingreso "A Regueifa" D. Manoel Magariños Negreira.

Ademitíronse as propostas da derradeira sesión.

Foron propostos D. José Mª. de la Fuente Bermúdez e D. Manuel e D. Antonio Taboada Roca.

Quinta sesión

O 24 de Santos.

Leeu o seu traballo de ingreso D. Luis

***P.11***

Tobío Fernándes que leva por título: "Algunhas moedas castelâs atopadas no Valadouro."

Foi admitido o Sr. La Fuente e os Sñrs. Taboada Roca

Sexta sesión.

O 1º do Nadal.

Presentóu D. Armando Cotarelo unha comunicazon tidoada: "AELIA FLACCILLA AVGUSTA".

Propuxéronse aos Sñrs. D. Leandro Carré Alvarellos e D. Xulio Balboa Lopez, e foron ademitidos xa nista sesió por finar co-ela o primeiro cursillo.

Sétima sesión.

O 12 do xaneiro do 1924.

Leeu o seu traballo d'ingreso , "A Socioloxía de Follas Novas" D. Xosé Mª de la Fuente Bermúdez.

O Sr. Bouza Brey fonou ao Seminario en nome do Sr. Viqueira de Vilagarcía unha pesa romá hachada en Iria Fravia.

O Sr. Filgueira propuso ao Seminario que iste aceptase o ofrecimento de D. Alfonso R. Castelao para faces côs dibuxos e acuarelas d'iste señor unha expósita. Foi aprobado.

Oitava sesión.

O 19 do xaneiro do 1924

D. Armando Cotarelo presentóu unha co-

***P.12***

municazón titulada "Homenaje a Alfonso XII".

Novena sesión.

O 26 do xaneiro.

Leeu seu traballo d'ingreso D. Manoel Banet e Díaz-Varela. "A nova organizazon de Galiza e a futura división rexional."

Décima sesión

O 2 de febreiro.

Lee o Sñr. Filgueira a sua comunicazón "Nuevos documentos para la Hisotira del Patronato Jacobeo".

Undécima sesión

O 9 do febreiro.

Leeu o seu traballo d'ingreso D. Xosé Pena e Pena sobre "A Ponte de Vidán".

Acordouse adquirir 4000 papeletas prâ Bibliografía.

Comunicouse terse hachado local axeitado prâ expósita-Castelao no edifizo da Sociedade Económica.

Duodécima sesión

O 16 do febreiro.

D. Fermín Bouza e Brey leeu un traballo de ingreso de D. Vicente Risco encol da "Xeografía etnográfica de Castro Caldelas".

***P.13***

Decimoterceira sesión

O 23 do febreiro.

Leeu D. A. Cotarelo un traballo encol da "Xuventude do P. Feijóo."

Co-ista sesión dase por finado o 2º cursillo do IºCurso.

XIV Sesión.

O 15 do marzal do 1924.

Leeu D. Xosé Filgueira unha comunicazón: "Antiguos relatos de peregrinaciones a Santiago. Galicia y Santiago a través de la obra de Bauman".

XV Sesión.

O 22 do marzal.

Leeu D. Luis Tobío Fernández unha comunicación: "Inventario dos bens de Froitoso d'Ulloa."

XVI Sesión.

O. 5 do abril do 1924.

Leeu D. Armando Cotarelo unha comunicazón "Un gallego en la Florida".

XVII Sesión.

O 12 do abril.

Leéu D. Fermín Bouza Brey un traballo

***P.14***

-o do seu ingreso- "Do arte rural galego e de unha das suas manifestazons".

XVIII Sesión.

O 18 do abril do 1924.

Leeu D. Fermín Bouza o traballo d'ingreso de D. Florentino L. Cuevillas "A Edade do Ferro na Galiza".

XIX Sesión.

=Extraordinaria=

O día 4 de mayo do 1924.

No salón de Actos da Sociedade Económica de Santiago âs doce da mañan inaugurase a Exposición de dibuxos e acuarelas de Castelao, baixo a presidenza do Noso Señor o Arcebispo de Santiago D. Manoel Lago González.

Leeu primeiro o seu traballo de ingreso D. Alfonso R. Castelao. "O Novo esprito" tras unhas verbas limiares do Presidente Sr. Cotarelo nas ofrendóu ao Sr.Arcebispo a Exposición, nomeándoo Presidente de Honor.

Tomou logo a verba o Dr. Lago. E dixo moito bó e grande; escomenzóu co-aquiles versos d'Añón:

"Ai! esperta adourada Galiza

d'ise son en qu'estás debruzada..."

E logo percorreu toda a exposición vendo con detimento as obras de Castelao.

***P.15***

<u>XX Sesión.</u>

-Pública-

A. 6 de mayo do 1924.

No salón de Actos da Económica onde estaba a E. Castelao.

Leeu o seu traballo d'ingreso D. Salvador Cabeza de León. "Un episodio de la vida académica de D. Domingo Fontán."

<u>XXI Sesión.</u>

(-Pública-)

O. 8 de mayo

Na E. Castelao

Léeu o seu traballo d'ingreso D. Manoel Lugrís Freire: "Unha conversa en col de Pondal".

<u>XXII Sesión.</u>

-Pública-

O 10 de mayo. Na E. Castelao

Leeu o seu traballo d'ingreso D. Anxel del Castillo. "Murio Peláez."

XXIII Sesión.

-Pública-

O 12 do mayo. Na E. Castelao.

Leeu o seu traballo d'ingreso D. Anton Lousada Diéguez "A Prosa galega."

***P.16***

Segundo Curso.

Sesión 1ª

O 4 de outono do 1924.

Leeu D. Armando Cotarelo unha comunicazón: "Un villancico gallego". E o Sñr. Filgueira outro traballo encol da "Eirexa de S. Mamed de Moldes."

Comunicouse ao Seminario pol-o Presidente D. A. Cotarelo, ter recibido una carta de D. Manoel Portela Valladares enviando 2000 pesetas (aumentadas logo en 500 mais) para estabelescer un premio para o mellor traballo encol do lema "Cooperativismo agrario."

Dada conta da doazón o Sr. Cotarelo anunzóu ao Seminario teras depositado as devandita cantidad no Banco Hispano-Americano.

Sesión II

O 11 do outono.

Leeu o traballo anual D. Luis Tobío Fernd. encol da "Procalamaceón de Felipe II en Viveiro."

Propúxose para correspondencite a D. Joaquin Fontes e a D. Antón Vilar Ponte e como numerario a D. Xavier Pardo.

Sesión III

O 18 do outono.

***P.17***

Leeu o seu traballo d'impreso D. Xavier Pardo Bedía: "Mariña Andrade" (novela). Propúxose para numeraria â Sta. Luisa Cuesta. Aceptaronse os anteriores.

Sesión 4ª

O 25 do outono.

Leeu D. Xosé Filgueira o seu traballo “El teatro en Santiago a principios del S.XIX.” E o Sr. Bouza leeu o traballo do Sñr. Cuevillas: “As Mamoas do Concello de Lobeira.”

Propuxéronse aos Sñrs. Candeira, Rolán, Cordal e Sñrs. Villanueva. Aceptóuse â Srta. Luisa Cuesta.

Sesión 5ª

Sábado 8 de novembro

Traballo do Sñr. Tobío encol “Do colexio-Seminario de Viveiro.”

Acordóuse contribuir ao homenaxe a Guimerá.

Sesión 6ª

O 15 de novembro.

Leeu D. A. Cotarelo un traballo tidoado “Un romance gallego.”

Leeuse unha carta do Sñr. D. Xoaquín Arias Sanxurxo ofrecendo ao Seminario o seu museu; aceptóuse a expontánea doazón do Sñr. Sanxurxo pol-a que se lle da gracias.

Sesión 7ª

22 de novembro.

Leeu o seu traballo anual D. Fermin Bou-

***P.18***

za Brey: “A necesidade d’unha revisión das obras de Pondal.”

O Sr. Presidente dou conta de que se tiñan recibido os ouxetos do museu doado pol-o Sr. Arias Sanxurxo e que os tiña en depósito na sua casa mentras o Seminari non tivese un local para os expôr. E a iste fina púxose e acordóuse conferencias có Sñr. Rector da Universidade.

Sesión 8ª

O 29 de novembro.

O Sr. Filgueira leeu seu traballo encol do asunto “Fontes e derivación da Leenda do paxaro d’Armenteira.”

Sesión 9ª

O 6 de decembro do 1924.

Leeu o Sñr. Tobio o traballo do Sñr. del Castillo “A eirexa de Cambre” premeado na “Festa da Lingoa galega.”

O Sñr. Presidente deu conta da doazón feita pol-a Liga d'amigos dista cidad, dos traballos premeados na "Festa da Lingoa Galega"

Finou o 1º cursillo.

Sesión X.

O 10 do xaneiro do 1925

Leeuse o traballo de D. Ramón Otero Pedrayo: "Síntesis xeografica de Galiza."

***P.19***

Sesión XI.

O 17 do xaneiro do 1925.

Leeu o Sr. D. Julio Balboa Lopez o seu traballo d'ingreso "Muxía e o Santuario de Nosa Sra. da Barca."

Sesión XII

O 24 do xaneiro.

Leeuse o traballo de D. Vicente Risco (premeado na "Festa da Lingoa Galega." "O Bufón d-el Rei."(drama).

Sesión XIII

O 7 do febreiro.

"Ensaio de catalogación dos castros galegos." Traballo de D. Florentino L. Cuevillas.

Sesión XIV

O 14 do febreiro.

O Sr. Filgueira leeu o seu traballo "Psicoloxía do neno galego."

Sesión XV 21 do febreiro

Necrolóxica. O Sr. Cotalelo pronunzóu un sentido discurso chorando a morte do Dr. Lago.

Sesión XVI.

O 28 do febreiro.

Leeuse o traballo de D. Vicente Risco "Preito de Os vecinos de Caldelas cô Conde de Lemos."

***P.20***

<u>Sesión XVII</u>

O 6 do marzal.

Leeuse o traballo "O Castro de Figueiras" pol-a sección Arqueológica do Seminario

<u>Sesión XVIII</u>

O 13 do marzal.

Leeuse a noveliña de D. Ramón Otero Pedrayo: "Pantelas, home libre." premeada na festa da Lingoa Galega.

<u>Sesión XIX</u>

O 18 de abril

Poema de D. Xosé Filgueira. "O rei Branel."

Foi proposto don Juan Rof Carballo.

<u>Sesión XX</u>

O 25 d'Abril.

Escultura de D. Xoaquin Xil Armada: "Os probes da Catedral".

Foi ademitido don Juan Rof Carballo.

<u>Sesión XXI</u>

O 30 d'abril.

Traballo do Sñr. Filgueira "A Festa dos Maios en Galiza". Con ilustracions musicals.

***P.21***

<u>Sesión XXII</u>

O 8 do maio.

Leeu o seu traballo d'impreso D. Juan Rof Carballo: "Bioloxía e esprito."

<u>Sesión XXIII</u>

(Pública e Extraordinaria).

O 16 de mayo do 1925.

No local da S. Económica.

Leeu o seu traballo "Cousas" (colleira de contos) D. A. R. Castelao.

Con ilustracions gráficas.

Finou o curso 1924-1925.

Esta é a reseña de todal-as sesión e actos do Seminario d’Estudos Galegos. dende o seu nacimento deica o día da data, feita pol-o segredario D. Luis Tobío e Fernández.

Ena cidade de Sant-

***P.22***

Iago a dous días do mes de outono do ano do mil novecentos vintecinco.

Luis Tobío Fernández

Segredario

Curso de 1925 a 1926

Xuntos n’unha aula da Facultade de Dereito da Universidade de Dereito os membros hachados d’aquela en Sant-Iago o día tres de outono do 1925, procédense primeiro â desiñazón dos cargos de Presidente e Censor, por vacancia producida pol-a ausencia dos que deica alí os desempeñano, resultando por unanimidade eleitos D. Salvador Cabeza de León para presidente e D. Xosé Filgueira Valverde para censor.

Outrosí, por canto o Sr. Filgueira viña desempeñando o cargo de Segredario de Informacions e correspondenza, acordóuse por unanimidade tamen desiñar para iste cárego ao Sr. D. Ramón Martines Lópes.

E non tendo mais asuntos que tratar ergueuse a sesión da que eu segredario

***P.23***

dou fé.

Sant-Iago 3 do outono do 1925

Xosé Filgueira Luis Tobío Fernández

I. Sesión

Na cátedra nº2 da Facultade de Dereito reuníronse os socios presentes do Seminario para celebrar a primeira sesión académica do presente curso.

Procedéuse en primeiro termo a dar posesión dos seus cargos de Presidente, Censor e Segredrario de informacions aos Sres. D. Salvador Cabeza León, D. Xosé Filgueira Valverde e Ramón Martínes Lopes, respeitivamente, por min Segredario.

O Sr. Presidente pronunzóu unhas verbas excitando aos membros do Seminario a seguir con novos azos a sua labor investigadora, calada e homilde, anque non por iso menos meritoria, pra gloria e progreso da Cencia e da Cultura e mais que nada da Sagra Terra a quen todo debemos.

A continuazon o Sr. Censor mentóu con agarimo e recordanza aos Sñrs. D. Armando Cotarelo e D. Fermín Bouza Brey, deica estoncias presidente e censor respeitivamente, e a quenes a ousencia empece pra seguiren como denantes ourentando a nosa labor

***P.24***

inda que continúen cinguidos ao Seminario pol-a común ideoloxía e o amor â Terra, móvil promeiro do noso centro.

Adica logo frases garimosas â figura do noso primeiro Presidente d'Honor o Arcebispo Compostelan Dr. Lago González, de felis lembranza e saúda con cariño ao Dr. D. Salvador Cabeza León, que dende agora, como presidente, vai dirixirnos nos nosos traballos e cuia xurdia personalidade e outo valer é unha garantía da boa marcha e ourentazon do Seminario.

Logo eu Segredario lîn a memoria do curso derradeiro procedendose a seguida â leitura do traballo da sesión D. Salvador Cabeza, a quen correspondía presental-o, leeu a sua monografía "Festejos de la Universidad Compostelana por el nacimiente del Rey D. Luis I".

Pra dar comprimento â vontade do Sr. D. Manoel Portela Valladares, e por ter sido decrarado deserto o tema encol do "Cooperativismo agrario" convocado o ano pasado, acordóuse proceder â convocazón d'outro concurso encol do tema que se tratará na próixima sesión.

E non tendo mais asuntos de que tratar acórdase erguel-a sesión da que en Segredario dou fé

Sant-Iago 9 de outono do 1925

Xosé Filgueira　　　　Salvador Cabeza　　　　Luis Tobío Fernández

***P.25***

<u>II Sesión</u>

Xuntos na cátedra 2 da Facultade de Dereito os membros do Seminario presentes, no día 23 do outono do 1925, procedéuse â celebrazón da sesión hebdomadeira, segundo o preceitúa o Reglamento.

O Presidente Sr. Cabeza León despois de facer algunas indicacions críticas e bibliográficas, concedéu a verba do Censor Sr. Filgueira Valverde, quen leeu o seu traballo anual encol de "A Paisaxe no Concioneiro da Vaticana".

O Seminario, a proposta de varios membros, acordóu intensificar a obra da "Blibliografía galega" e que unha comisión de socios procedera aos traballos precisos para formar un Vocabulario castelan-galego. Con este encárrego foron desiñados os señores Filgueira, Tobío, Carús e Magariños, xa que o Sr. Martínez López non pode colaborar por imposibilidade material.

Acordóuse eisimesmo que os Sres. Filgueira e Tobío estudasen si compría facer unha restituizón crítica do Cancioneiro Colocci-Brancutti, informando d'elo ao Seminario, para, en caso afirmativo, desiñar unha comisión que a fixese.

E non tendo mais que tratar erguese a sesión que eu segredario testemuño.

Sant-Iago 23 do outono do 1925

Xosé Filgueira        Salvador Cabeza        Luis Tobío Fernández

***P.26***

III Sesión

Xuntos na Biblioteca de Facultade de Dereito da Universidade de Compostela o día 29 de outono do 1925.

Comezóu o Sr. Presidente Dr. Cabeza de León adicando unhas verbas de lembranza ao insine devanceiro D. Florencio Vaamonde, morto na semán.

Fixéronse varias indicaciós críticas y bibliográficas encol das pubricacións derradeiras e o Dr. Cabeza donóu aos membros presentes alguns exemprás das suas obras.

O socio D. Ramón Martínez López, deu leitura ao seu traballo tidoado "La industria de la salazón en Galicia".

Foron propostos pra membro numerario D. Salustiano Portela Pazos, e pra correspondente o P. Fr. Atanasio López.

Deuse conta de térense recibido na segredaría as revistas "Nos" e "A Nosa Terra" e "Lar".

E non tendo mais asuntos que tratar erguese a sesión.

Santiago 29 do outono do 1925

Salvador Cabeza        Xosé Filguera Valverde        Luis Tobío Fernández

***P.27***

<u>IV Sesión</u>

Xuntos na aula nº2 da Facultade de Dereito da Universidade Compostelâ os socios presentes do Seminario, o 7 de Santos do 1925.

Deuse leitura a un drama orixinal de D. Leandro Carré Alvarellos, (cô que fai seu traballo d'ingreso) tidoado "O Engano."

Logo a comisión do Vocabulario castelán-galego déu conta da marcha dos traballos referentes a iste e propuxo para un pran ideolóxico.

Fixéronse as indicazóns bibliográficas da semán. Acordóuse dar ao prelo a "Síntesis xeográfica de Galiza" de D. Ramón Otero Pedrayo, côn diñeiro do premio deserto "Portela Valladares" e escribir ao Sr. Portela Valladares solicitando a inversión do resto do devandito premio.

Foron propostos para numerarios D. Enrique Ramos Fernández, D. José Mª Castroviejo y Blanco-Cicerón, D. Secundino Lugris Freire, D. Urbano Lousada e Celestino Noya.

Santiago 7 de Santos do 1925

Xosé Filgueira Luis Tobío Fernández

***P.28***

V Sesión

<u>Pública</u>

Axuntados na aula nº4 da Facultade de Direito da Universidade Galega o día 14 de Santos do 1925 procedéuse â celebrazón da sesión semanal.

O Presidente, D. Salvador Cabeza León pronunzóu unha conferencia encol do tema "Os galegos no teatro español", que foi escoitada con entusiasmo pol-o numeroso público que enchía a aula.

Constituído logo Seminario en Sesión en sesión secreta déuse conta das referencias bibliográficas da semán, e tomáronse acordos sobor da orgaización da bibliografía.

Tamén acordóuse invitar aos Dres. Cadarso e Iglesias pra formaren incorporados ao Seminario, seicións adicadas ao estudo da Antropometría e Geología galegas, respeitivamente, respondendo a unha indicazón do membro correspondente d'Ourense Sr. Cuevillas.

O socio Sr. Pardo propuxo que por canto o coro galego d'ista cidade "Cántigas e Agarimos" ten proyeitado facer un homeaxe ao gran galeguista Dr. Lois

Porteiro, ofrescía ao Sr. Cabeza como presidente do Seminario un posto no Comité a formar co-ise ouxeto.

Déuse conta pol-segredario de ter saído ao púbrico o primeiro volumen da Biblioteca do Seminario que conten unha fermosa colleita de contos tidoada "Os Nenos",

***P.29***

do noso censor Sr. Filgueira Valverde. Tamén indicóu a adicación garimosa do Sr.D. Augusto Casas do seu libro de sonetos "Alma triste" e por elo o Seminario dálle as gracias mais efusivas.

Notición tamen terense recibido outros libros e revistas doados ao Seminario.

Tratóuse eisimesmo que o Seminario endreitase unha campaña pra conquerire que o Archivio Xêral de Galiza viñese a SanYago, propóndose o Salón artesoado de Fonseca como local axeitado pra o caso.

Foron propostos pra membros numerarios os Sres. Portela Pazos, Rovirá Carreró e Feixóo.

Aprobáronse as propostas feitas na derradeira sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar ergueuse a sesión.

Sant-Yago 14 de Santos do 1925

Salvador Cabeza Luis Tobío Fernández Xosé Filgueira

***P.30***

VI Sesión

Tivo lugar ista xuntanza n'unha aula da Facultade de Dereito o día 21 de Santos do 1925.

O Segredario procedéu â leitura do traballo do correspondencte e excensor D. Fermín Bouza Brey, tidoado "Notas de prehistoria galega".

Fixéronse as comunicazóns bibliográficas de decote.

O presidente adicóu unhas verbas â lembranza de Dª Carolina Michäelis de Vasconcellos que tanto traballóu nos estudios da Literatura Galaico-portuguesa; propón, e eisí o acorda por unanimidade o Seminario, celebrar unha solene sesión necrolóxica no seu honor.

Comunicóuse tere aceitado a proposta da formazón d'unha seición de Historia Natural Galega o Dr. Iglesias.

Foron nomeados socios de honor os Sres. Phileas Lebesgue e Frankonski[1].

Propuxéronse pra numerarios aos Sres. D. Pedro Varela Pais e Xosé J. Poch e Espinosa.

Non tendo mais asuntos que tratar, erguéuse a sesión.

Sant-Yago 21 de Santos do 1925

Salvador Cabeza Luis Tobío Fernández Xosé Filgueira

***P.31***

VII Sesión

Celebróuse na aula nº3 da Facultade de Dereito, o día 28 de Santos do 1925.

Aberta a sesión, o presidente Sr. Cabeza fixo diversas comunicazóns bibliográficas, eisí como outros señores presentaron as papeletas bibliográficas que s'adoita.

O socio numerario D. Xavier Pardo dóu leitura ao seu traballo "As lêndas de morte na Baixa Bretaña" traduizón das de A. le Braz, cun prólogo e biografía do autor.

Foi proposto pra membro numerario D. Evaristo Correa Calderón.

Aceitáronse as propostas feitas na derradeira sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar erguéuse a sesión.

Sant-Yago 28 de Santos do 1925

Salvador Cabeza Luis Tobío Fernández Xosé Filgueira

***P.32***

VIII Sesión

O día 5 do Nadal celebróuse ista sesión, derradeira do primeiro cursillo do presente curso.

---

[1] Estes dous homes terán un forte vínculo con Galiza, por unha banda Eugenius Frankowski publicaría en 1918 un estudo sobre os hórreos na Península Ibérica, centrándose en dous grandes bloques, o Asturiano e o Galego-Portugues; e por outra banda, o bretón Phileas Lebesgue, gran estudoso dos pobos unidos polo celtismo, que publicaría en varias ocasión na Revista Nós

Feitas as indicazóns bibliográficas correspondentes, o Sr. Filgueira dou leitura ao seu traballo "A lenda d'Armenteira: concordanzas con outras extranxeiras."

Logo, e pol-o segredario, leéuse unha aportazón de D. Florentino L. Cuevillas ao Catálogo dos Castros que ven facendo o Seminario, comprendendo Os Castros de Outeiro de Pazos, Outeiro de Vimieiros, A Rodeliña, Castro de Bainte, Monte do Piñeiro, Castro da Madanela, Castro de Martiñá, e Castro de S. Facundo.

Foron propostos pra numerarios os Sres. D. Juan Luis López e D. Felipe Fernández Armesto.

Aceitaronse as propostas feitas na derradeira sesión.

O Sr. Filgueira dóu conta da proposta do Sr. Varela de Limia pra que o Seminario solicitase traguer a Sant-Yago a exposizón de fotografías de Galiza que vaise celebrar en Madrid por iniciativa do Centro Galego. Acetouse.

Deuse conta pol-a direitiva o ter aceitado o cárrego de direitor da seizón de Antropoloxía adscrita ao Seminario o Dr. D. Alejandro Rodríguez Cadarso.

Eisimesmo noticióu que tiña xestionado por iniciativa do Presidente a formazón

***P.33***

d'unha seizón de Geoquímica galega baixo a direizón do Dr. Isidro Parga Pondal.

E non tendo mais asuntos que tratar erguéuse a sesión

Sant-Yago 5 do nadal do 1925

Salvador Cabeza    Luis Tobío Fernández    Xosé Filgueira Valverde

XIX Sesión [SIC]

Con esta sesión encetóuse o segundo cursillo. Foi celebrada o 16 do xaneiro do 1926.

N'ela foron propostos pra socios correspondentes os Srs. D. Manuel Portela Valladares e D. Antón Noriega Varela, e aceptados os propostos na sesión derradeira.

O segredario de Aitas D. Luis Tobío Fernández dou leitura o seu traballo "A eirexa románica de Sta. María de Viveiro".

E erguese a sesión

Sant-Yago 16 do xaneiro do 1926

Xosé Filgueira Valverde    Luis Tobío Fernández

***P.34***

XX Sesión [SIC]

O día 22 do xaneiro do 1926 en un aula da Facultade de Dereito celebrouse ista sesión.

Aceitáronse as propostas feitas na derradeira sesión.

O Dr. Iglesias, direitor da Seizón de Cencias Naturals, deéu o seu traballo de ingreso encol das "Aves da Galiza" presentando ao mesmo tempo moitos e fermosos exemprares disecados pra ilustral-o.

E douse por rematado a sesión

Sant-Yago 22 do xaneiro do 1926

Xosé Filgueira Valverde Luis Tobío Fernández

XXI Sesión [SIC]

O día 30 de xaneiro do 1926 celebrouse a sesión ordinaria do Seminario nun aula de Dereito.

O Presidente propuxo pra socios a D. Xosé Luis Santaló e Rodríguez de Viguri e a D. Salustiano Portela Pazos e D. Augusto Mª Casas.

O Segredario dou leitura ao traballo de D. Armando Cotarelo, tidoado "Un Arcebispo de Sant-Yago descoñecido"

***P.35***

O Censor Sr. Filgueira, leeu o traballo de D. Vicente Risco "Catálogo da Língoa Galega".

E douse por finada a sesión

Sant-Yago 30 do xaneiro do 1926

Xosé Filgueira Valverde Luis Tobío Fernández

XXII Sesión[SIC]

No día 6 do febreiro tivo lugar a sesión ordinaria na aula nº4 da Facultade de Dereito.

D. Luis Feixóo leéu o seu traballo de ingreso encol dos "Contos galegos"

D. Ramón Martínes López presentóu unha nota bibliográfica dun folleto referente a Sta. Mariña de Augas Santas.

Aceitáronse as propostas da sesión devanceira.

O Segredario de informaciós e correspondenza D. Ramón Martínez Lopes presentóu, con caraiter irrevocábel, a renunza de seu cárrego. Foille ademitida.

Non tendo mais asuntos ergueuse a sesión.

Sant-Yago 6 - febreiro 1926

Xosé Filgueira Valverde Luis Tobío Fernández

***P.36***

XXIII Sesión[SIC]

Celebróuse o 20 de febreiro do 1926.

Leéu o seu traballo de ingreso D. X. Luis Santaló Rodrigues de Viguri sobre "D. José Rodríguez Seoane: su vida y sus obras".

D. X. M. Magariños Negreira propuso pra socio correspondente a D. Antonio Magariños Gandra, e D. Xosé Filguera a D. Robustiano Sandez Otero e a D. Gonzalo López Abente.

E ergueuse a sesión

Sant-Yago 20 febreiro 1926

Xosé Filgueira Valverde Luis Tobío Fernández

XXIV Sesión[SIC]

O 27 de febreiro de 1926.

O Sr. D. Augusto Mª Casas leeu o poema "Festa no ceo e na terra" cô que fai o seu ingreso.

D. Xosé Filgueira leéu unha novela tidoada "O Vigairo".

Aprobáronse as propostas feitas na derradeira sesión.

***P.37***

Sant-Yago 27 do febreiro do 1926

Xosé Filgueira Valverde Luis Tobío Fernández

XXV Sesión

O día 6 do marzal do 1926.

Fixo o seu ingreso como socio de número D. Urbano Lousada cô traballo "Superstición, suxestión e Meiciña".

D. Xulián Magariños Negreira propuso pra socio a D. Manoel Silva Ferreiro.

~~Por non ter mais~~ Acordóuse que o próisimo día de sesión fose a solemne en honor de Dª Carolina Michaelis de Vasconcellos.

E ergueuse a sesión

Sant-Yago 6 marzal do 1926

Luis Tobío Fernández

***P.38***

XXVI Sesión [SIC]

O día 14 do marzal âs doce da mañan e no Salón Nobre da Sociedade Económica de Sant-Yago celebróuse a solene velada necrolóxica en laudo de Dª Carolina Michaelis de Vasconcellos.

Aberta a sesión pol-o Sr. Presidente e tomada verba por D. Armando Cotarelo pronuncióu iste un discurso facendo resaltar a figura da laudada e a suma sinificanza que tiña pra Galiza e pra o Seminario.

E seguido falóu D. Ramón Otero Pedrayo ensalzando tamén a persoalidade literaria de Dª Carolina e logo D. Vicente Risco fixo notar o grande mérito e valer da mesma.

D. Manoel Lugris Freire estuda a sua grande obra e o afeito que decote tivo â nosa Terra.

O Presidente fixo, pra rematar, o resume da sesión.

E ista douse por finada.

Sant-Yago 14 do marzal do 1926

Luis Tobío Fernández

***P.39***

XXVII Sesión[SIC]

O día 14 do marzal âs 6 e meia da serán. Nela ingresaron os poetas D. Gonzalo López Abente que leu varios poemas, D. Ramón Cabanillas (cuias poesías, por ausenza leéu o Sr. Lugrís), D. Antón Noriega Varela (cuias poesías leeu o Sr. Pardo) e D. Victoriano Taibo con diversos poemas.

E douse por finada a sesión

Sant-Yago 14 do marzal do 1926

Luis Tobío Fernández

XXVIII Sesión[SIC]

O 11 do abril no Salón de Xuntas da S. Económica.

D. Manoel Lugris Freire leu un traballo encol da lingoa Galega e varias poesías orixinaes.

E ergúeuse a sesión.

Sant-Yago 11 do abril do 1926

Luis Tobío Fernández

***P.40***

XIX Sesión

O 17 do abril no Salón social.

Leéuse un traballo do Segredario Sr. Tobío Fernández. “Viveiro no séc. XVI” e outro do Sr. Filgueira Valverde. “Os somos de Alain”. Propúxose pra numerario ó Sr. Lence Santar.

Non tendo mais asuntos de que tratar ergúeuse a sesión.

Sant-Yago 17 do abril do 1926

Luis Tobío Fernández

XX Sesión

Celébrase o 24 do abril no Salón Social de Xuntas da S. Económica.

Deuse pol-o Sr. Lence Santar o seu traballo de ingreso: “La Santa hermandad”.

Propúxose a D. Xoaquin Lorenzo

Por non ter mais de que tratar ergueuse a sesión

Sant-Yago 24 do abril do 1926

Luis Tobío Fernández

***P.41***

XXI Sesión

Celebróuse o 30 de abril no Salón de Xuntas da Sociedade Económica.

D. Salustiano Portela Pazos leeu (despois da leitura d’umha carta do Sr. Lence Santar referente ao tema de que se ía tratar) o seu traballo de ingreso: “Las Hermandades gallegas en el siglo XV”.

E déuse por finada a sesión

Sant-Yago 30 do abril do 1926

Luis Tobío Fernández

XXII Sesión

No salón social o 1º do maio

O Sr. Tobío leu o traballo de ingreso que presenta D. Xaquín Lorenzo, encol do "Carro Galego."

A seguido leéuse o do Sr. Magariños Granda: "Acougos (poesías".

E ergéuse a sesión

Sant-Yago 1 do ~~abril~~ maio do 1926

Luis Tobío Fernández